

Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA
PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 24
DE XANEIRO DE 2023 POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA
COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO
2023*

BDNS(Identif.):672450

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/672450>)

1. Persoas beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro
2. Ter domicilio social no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou excepcionalmente fóra desta sempre que as edicións obxecto da subvención traten sobre temas de interese para a provincia
3. Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS
4. Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes de pagamento coa Deputación
5. Non ter obrigas nin xustificacións pendentes derivadas de subvencións concedidas pola Deputación

2. Obxecto

Subvencións públicas destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais coma braille, que se editen en galego durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, coa finalidade de colaborar



Venres, 27 de xaneiro de 2023

Núm. 19

na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

3. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 24 de xaneiro de 2023; LXS; Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2023; e demais lexislación aplicable.

4. Contía

Noventa mil (90.000,00) euros.

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes: as entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude para esta convocatoria, na que deberán indicar a modalidade concreta e a categoría na que participan
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo cuarta da convocatoria
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento do traballo obxecto da subvención
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia bancaria
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, a conta xustificativa dos gastos, a memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e a acreditación da debida difusión, nos termos previstos na base vixésimo primeira da convocatoria
- Prazo máximo de xustificación: 31 de xaneiro de 2024

Pontevedra, 24/01/2023

A deputada delegada de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica María Ortega Iñarrea

